

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI  
O DÍA 17 DE XULLO DE 2009,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se lle concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro a Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne e Emilio Pérez Touriño
- Decreto polo que se nomea delegado da Xunta de Galicia en Bos Aires (Arxentina) a Alejandro Roberto López Dobarro
- Decreto polo que se nomea delegado da Xunta de Galicia en Montevideo (República Oriental do Uruguai) a Manuel Barros Rivadulla

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, para colaborar no financiamento dun plan estratéxico da Eurocidade Chaves-Verín, por un importe de sesenta e nove mil seiscientos euros (69.600 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración e coordinación suscrito entre o Ministerio de Interior e a Xunta de Galicia, en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza de Galicia para o ano 2009

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Valga, para a execución da obra de solución aos problemas de inundacións do Concello de Valga. Mellora do río

Soutiño. Valga (Pontevedra), OH.436.867, por un importe de douscentos quince mil trescentos sesenta e nove euros con oito céntimos (215.369,08 euros)

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Pontevedra, para a execución de determinadas obras no Plan de actuación para eliminación de verteduras nas rías galegas, por importe de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de San Cibrao das Viñas para a mellora das vías no polígono industrial de San Cibrao das Viñas, por importe de trescentos dous mil euros (302.000)

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a *Sociedad Estatal para el Desarrollo del Diseño y de la Innovación, S.A. (DDI)*, para a xestión do programa *ADÑ* na Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de douscentos cincuenta e nove mil cincocentos vinte e cinco euros con cincuenta céntimos (259.525,50 euros)

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a organización non gobernamental *Cruz Vermella de Galicia*, para a prevención do VIH/SIDA, doutras infeccións de transmisión sexual e da tuberculose nas persoas usuarias dos programas desta entidade, por un importe de sesenta e catro mil novecentos sesenta euros (64.960 euros)

## CONSELLERÍA DE CULTURA

- Acordo polo que se autoriza un gasto plurianual derivado da Orde do 1 de abril de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en biblioteconomía mediante a colaboración titorada en diversos centros bibliotecarios

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre as TIC na Administración de xustiza en Galicia. Plan de medidas urxentes
- Informe sobre o modelo policial actual e a posibilidade dun novo modelo para Galicia

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a construción dun novo hospital de Pontevedra

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a modificación da Lei de pesca

## O CONSELLO DA XUNTA CONCÉDELLE A MEDALLA DE OURO DE GALICIA, A MÁXIMA DISTINCIÓN DO GOBERNO GALEGO, AOS EX PRESIDENTES AUTONÓMICOS

- *A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 25 de xullo nun acto solemne*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, aos ex presidentes do Executivo autonómico, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne e Emilio Pérez Touriño, en atención á relevancia dos servizos constantes prestados á sociedade galega.

Trátase da máxima condecoración que concede o Goberno galego, e que lle será imposta aos ex presidentes da Xunta o vindeiro 25 de xullo.

### **Xerardo Fernández Albor**

Naceu en Santiago de Compostela o 7 de setembro de 1917. Realizou estudos de Medicina e Cirurxía na Universidade de Santiago, que tivo que interromper temporalmente por mor da Guerra Civil. Logo do conflito finalizou os seus estudos, obtivo o título de doutor pola Universidade de Salamanca e ampliou os seus coñecementos médicos en Madrid, Barcelona, Viena, París e Lion.

Desenvolveu unha intensa actividade médica, campo no que gozou sempre dun gran prestixio, e que exerceu no Instituto Policlínico *La Rosaleda*, onde foi ademais fundador e director, e no Centro Concepción Arenal da Seguridade Social, tamén en Santiago, onde foi xefe do servizo de Cirurxía Xeral.

Procedente das filas do Partido Popular galego, en 1981 aceptou a invitación de Alianza Popular para presentarse como candidato á presidencia da Xunta nas primeiras eleccións autonómicas, cargo que acadou en xaneiro de 1982. Posteriormente optou á reelección e foi xefe do Goberno autonómico ata o ano 1987 cando, a través dunha moción de censura, foi substituído polo socialista Fernando González Laxe.

En 1989 foi elixido eurodeputado, un posto que conservou durante dúas lexislatura, ata o ano 1999.

Actualmente, é asesor do Consello Consultivo e articulista. Ademais, é membro de institucións como a Academia *Médico-Quirúrgica*, a Sociedade de Cirurxía de Galicia, o Padroado da Universidade, o Padroado Rosalía de Castro, o Instituto da Lingua Galega, o Museo do Pobo Galego, o Instituto Otero Pedrayo e Cruz Vermella.

### **Fernando González Laxe**

Nado na Coruña, en 1952, Fernando González Laxe foi presidente da Xunta de Galicia polo PSdeG-PSOE desde 1987 ata 1990, un mandato coñecido como Goberno tripartito. Está casado e ten dous fillos. É profesor na Universidade de A Coruña.

Licenciado en Ciencias Económicas e doutor en Ciencias Económicas e Empresariais, en 1975 comezou a súa andaina profesional no eido da docencia como profesor de Estrutura Económica nun colexio universitario da Coruña.

En 1977 ingresou no Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE). En 1978, comeza a súa carreira política. Foi subdirector Xeral de Pesca da Xunta preautonómica (1979-1980); e posteriormente primeiro tenente de alcalde do Concello de A Coruña e voceiro do Grupo Socialista nesta institución desde 1979 a 1982.

En 1982 foi nomeado director Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Desde este posto, dirixiu as negociacións pesqueiras de España coa Comunidade Económica Europea (CEE). Foi, ademais, representante español na Conferencia Mundial da FAO sobre ordenación e desenvolvemento pesqueiro e no II Congreso Latinoamericano de Pesca.

En novembro de 1985 foi candidato á Presidencia da Xunta de Galicia polo PSdeG-PSOE e, en 1987, González Laxe presentou, como voceiro do Grupo Socialista no Parlamento galego, unha moción de censura contra o Goberno de Fernández Albor. As conversas iniciadas para formar goberno deron como resultado un goberno de coalición entre o Partido Socialista de Galicia, Coalición Galega e o Partido Nacionalista Galego. O tripartito dirixido por Fernando González Laxe mantívose ata o ano 1990.

En abril de 2009 foi nomeado presidente do Organismo Público Portos do Estado.

### **Manuel Fraga Iribarne**

Nado en Vilalba en 1922, Manuel Fraga é viúvo e pai de cinco fillos. É licenciado en Dereito e en Ciencias Políticas e Económicas e doutor en Dereito, con premio extraordinario, igual que na licenciatura. En 1945 ingresou, por oposición, co número un da súa promoción, no Corpo de Letrados das Cortes Españolas; dous anos máis tarde ingresou na Escola Diplomática, tamén co número un. En 1948 obtivo a Cátedra de Dereito Político da Universidade de Valencia e, en 1953, trasladouse á de Teoría do Estado e Dereito Constitucional da Universidade Complutense.

Ingresou en política en 1951 como secretario xeral do Instituto de Cultura Hispánica; despois foi secretario xeral do Consello Nacional de Educación (1953); secretario xeral técnico do Ministerio de Educación (1955-58), secretario da Comisión de

Asuntos Exteriores das Cortes (1958-62), e director do Instituto de Estudos Políticos (1961). Entre 1962 e 1969, Manuel Fraga dirixiu o Ministerio de Información e Turismo. Tamén foi embaixador en Londres (1973-75); vicepresidente do Goberno para Asuntos do Interior e Ministro da Gobernación do primeiro Goberno da Monarquía (1975-76); e membro da comisión encargada da redacción da Constitución española de 1978. Foi deputado nacional e europarlamentario.

Fraga Iribarne foi presidente da Xunta de Galicia entre 1990 e 2005, e actualmente é senador por designación autonómica.

É autor de máis de 90 libros que, na súa maior parte, versan sobre ciencia política e Teoría do Estado.

Como ministro de Información e Turismo impulsou a creación da rede de Paradores Nacionais; fixo de España unha potencia turística ata o punto de converter a este sector na primeira industria do país; e impulsou a aprobación da Lei de Prensa e Imprenta (1966), que, entre outras medidas, suprimiu a censura previa.

Como presidente da Xunta de Galicia, participou activamente no proceso de desenvolvemento autonómico, aumentando o teito competencial de Galicia, sen deixar de lado a xestión que conseguiu notables avances en materias como as comunicacións, crecemento económico, sanidade, educación ou proxección exterior.

Manuel Fraga é doutor *honoris causa* por catorce universidades. É membro de número da Real Academia de Ciencias Morales e Políticas.

É presidente fundador do PP e forma de parte de diversas organizacións europeas como o Comité das Rexións ou a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa. Atópase en posesión de numerosas condecoracións nacionais e internacionais.

### **Emilio Pérez Touriño**

Naceu en A Coruña o 8 de agosto de 1948. É doutor en Ciencias Económicas e profesor numerario na Universidade de Santiago de Compostela, onde foi Vicerreitor para Asuntos Económicos. Está casado e ten dous fillos. Ten realizado estudos de especialización no Instituto de Investigación e Planificación do Desenvolvemento na Universidade de Grenoble –Francia.

É autor de numerosos estudos sobre a economía e a sociedade galega, e como experto en desenvolvemento rexional e economía agraria no marco da Unión Europea. Premio Nacional de Publicacións Agrarias en 1982. Pérez Touriño dirixiu, asemade, traballos e publicacións en relación coas infraestruturas e o crecemento económico de Galicia.

Participou directamente no proceso do Estatuto de Autonomía de Galicia e nos pactos do Hostal que o posibilitaron. Posteriormente, formou parte dos gobernos socialistas desde 1985 a 1994. Foi subsecretario do Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacións, pasando despois a desenvolver a súa actividade na Secretaría Xeral de Infraestruturas do Ministerio de Obras Públicas, Transporte e Medio Ambiente.

En 1997, cando era Deputado en Cortes, renunciou ó seu escano no Congreso dos Deputados para participar no proceso electoral autonómico dese mesmo ano como integrante na candidatura do PSdeG. Sae elixido deputado e convértese no Portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Tras as Eleccións galegas do 2005, cuxos resultados lle permitiron encabezar un goberno de coalición co Bloque Nacionalista Galego, presidiu a Xunta de Galicia, cargo que ostentou ata marzo de 2009. Actualmente é deputado autonómico pola provincia de Pontevedra.

## ALEJANDRO LÓPEZ DOBARRO SERÁ O DELEGADO DA XUNTA EN BOS AIRES E MANUEL BARROS EN MONTEVIDEO

- *Co nomeamento de dúas persoas residentes en Arxentina e Uruguai afórranse máis de 70.000 euros no salario dos delegados*
- *As delegacións ofrecerán novos servizos á colectividade galega e dirixiranse a outras áreas de actividade nas que non traballaban ata agora*

O Consello da Xunta nomeou hoxe o xornalista Alejandro López Dobarro e ao empresario Manuel Barros Ribadulla novos delegados do Goberno galego en Bos Aires e Montevideo, respectivamente.

Alejandro López Dobarro ten nacionalidade arxentina e española e é licenciado en xornalismo e comunicacións pola universidade arxentina John F. Kennedy de Bos Aires. De 39 anos, é diplomado en estudos internacionais e sobre a UE pola Escola Diplomática do Ministerio de Asuntos Exteriores e máster en relacións internacionais polo Instituto Complutense de Estudos Internacionais de Madrid. Traballou en distintos medios de comunicación e empresas arxentinas e nos últimos anos foi o secretario de prensa do PP en Arxentina.

Manuel Barros naceu en 1945 na Estrada, aínda que leva xa case 30 anos en Uruguai, onde se ten labrado unha exitosa carreira como empresario. Primeiro oficial e capitán de buques de Pescanova, foi xerente dunha empresa mixta da compañía en Uruguai e desde a súa chegada a Montevideo implicouse de cheo nas actividades da diáspora galega no país, foi directivo do Centro Galego e do Club Español durante dez anos e do Fogar Español durante quince anos.

Coa cobertura dos postos de delegado con persoal residente en Arxentina e Uruguai afórranse as compensacións por expatriación, que supoñían unha media do 75% adicional sobre as retribucións establecidas. O decreto de creación das delegacións de Bos Aires e Montevideo equivale os delegados da Xunta no exterior cos subdirectores xerais, que perciben 52.386 euros, de acordo coa vixente Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma. No decreto establécese o valor das indemnizacións que percibirá o delegado, que ata agora era un cidadán galego desprazado e cuxas indemnizacións por desprazamento ascendían a 36.924 euros (3.077 euros mensuais).

O aforro nos salarios dos delegados súmase ao recorte de gastos xa anunciado derivado do cambio de situación da sede da delegación en Bos Aires, que repercutirá nun aforro do 50% do que se viña gastando e que en boa parte se dedicará a mellorar a atención que se lles presta aos emigrantes galegos.



Nese sentido, lonxe de recortar servizos, aumentarase e mellorarase a calidade dos prestados. Así, para facer un mellor uso dos recursos e mellorar o funcionamento das delegacións, dotarase de persoal administrativo a Delegación de Montevideo e crearase unha nova praza para coordinar e dinamizar proxectos e programas en materia de xuventude, desenvolvemento de iniciativas asociativas, emprendedores e desenvolvemento tecnolóxico das entidades galegas, con responsabilidades de traballo tanto en Bos Aires como en Montevideo.

Os novos servizos e actividades que se pretenden desenvolver irán dirixidos tanto á colectividade galega no exterior como a outras áreas de actividade en que non se viña traballando ata agora, como son a atracción de investimentos, a busca de novos mercados para as empresas, o fomento da lingua e cultura galegas e do turismo en Galicia e a programas de cooperación ao desenvolvemento.

## A XUNTA ACHEGARÁ PRETO DE 70.000 EUROS PARA UN PLAN ESTRATÉXICO DA EUROCIDADE CHAVES-VERÍN

- *Así o recolle un convenio cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta*

A Xunta achegará 69.600 euros para colaborar no financiamento dun plan estratéxico da Eurocidade Chaves-Verín. Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe, na súa xuntanza semanal, a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular. Esta achega económica poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, por solicitude do Eixo Atlántico, ata un máximo do 80% da contía total.

Con este convenio a Xunta de Galicia cumpre cunha das súas liñas prioritarias, como é promover o relanzamento, a modernización e a actualización da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a cooperación transfronteiriza, como método que permite un máximo aproveitamento das oportunidades de desenvolvemento socioeconómico, cultural e turístico das dúas rexións.

Segundo se recolle no texto, a achega económica realizarase logo da presentación dunha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos; unha relación dos gastos da actividade, un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada e, se é o caso, unha carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes. Con anterioridade á xustificación dos investimentos o Eixo Atlántico deberá presentar unha declaración do conxunto das axudas solicitadas –tanto as aprobadas como as concedidas e as pendentes de resolución- para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Neste sentido, para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta integrada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea; en representación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; e un representante do Eixo Atlántico, o seu secretario xeral ou persoas que designen no seu nome. As súas funcións serán, entre outras, a interpretación do convenio, a proposta –no seu caso- de addendas e a intervención previa á resolución por incumprimento. A vixencia deste acordo estenderase desde a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2010.

## A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DESTINA EN 2009 MÁIS DUN MILLÓN E MEDIO DE EUROS Á SEGURIDADE NOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- *Realizarán esta vixilancia 193 efectivos: 114 gardas civís en situación de reserva e 79 membros do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da addenda ao convenio de colaboración e coordinación asinado entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude desta addenda, o Goberno autonómico destina en 2009 un total de 1.589.853 euros para que 193 axentes da Policía Nacional e Garda Civil custodien as instalacións xudiciais galegas.

O convenio de colaboración entre a Xunta e o Ministerio do Interior xa se asinara en outubro de 2006 co fin de dotar os edificios xudiciais de vixilancia e protección a través de gardas civís en situación de reserva e de membros do Corpo Nacional de Policía (CNP) en segunda actividade. Este ano, as dúas partes asinantes acordaron prorrogar o convenio e redactaron as condicións para o 2009, as cales se plasman na devandita addenda que o Consello vén de autorizar.

Na addenda fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais para este ano. Deste xeito, destínanse un total de 193 efectivos: 79 membros do CNP en segunda actividade e 114 gardas civís en situación de reserva. Dos 79 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 70 distribuiranse da seguinte maneira: 14 funcionarios para A Coruña - edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados do Contencioso-Administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal-, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e para a Cámara de Comercio, 7 para o edificio dos xulgados da Parda de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.

Dos 114 gardas civís en situación de reserva: 10 integrarán o cadro de mando, 46 estarán na Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña - 15 na Coruña, 7 en Santiago, 4 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón-, 12 na Comandancia de Lugo -2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba-, 16 na de Ourense - 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 na Pobra de Trives, 2 en Ribadavia, 2 en Xinzo de Limia e 2 en Verín- e 30 efectivos na Comandancia de Pontevedra - 6 na Audiencia Provincial, 2 para Vigo, 4 para

Cambados, 4 para Cangas, 4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 2 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Pontearreas e 2 para Tui-.

Doutra banda, a addenda tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección vai desde as 7.00 horas ata as 22.00 horas no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e comeza unha hora máis tarde nas sedes dos xulgados de Instrución. Ademais, mentres que o horario se mantén no TSXG durante as fins de semana e os festivos, nos xulgados de Instrución hai unhas pequenas variacións o sábado- con horario de tarde, de 17.00 a 20.30 horas- e os domingos e festivos - que só hai vixilancia polas mañás das 9,30 ás 14,30 horas-. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada das 8.00 ás 15.00 horas.

## **EFFECTIVOS QUE REALIZARÁN EN 2009 AS FUNCIÓNS DE VIXILANCIA E PROTECCIÓN DAS SEDES XUDICIAIS GALEGAS (193 funcionarios)**

### **1. Persoal do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade**

*(79 funcionarios)*

#### **Equipo de mando (9 funcionarios)**

- 1 funcionario de escala superior
- 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
- 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)

#### **Escala básica (70 funcionarios)**

- A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados do Contencioso-Administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal): 14 funcionarios
- Ferrol: 7 funcionarios
- Ribeira: 4 funcionarios
- Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
- Monforte de Lemos: 2 funcionarios
- Viveiro: 2 funcionarios
- Ourense (Pazo de Xustiza e anexo -antiga Cámara de Comercio-): 9 funcionarios
- Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 7 funcionarios
- Marín: 2 funcionarios
- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

### **2. Persoal da Garda Civil en situación de reserva (114 efectivos)**

#### **Cadro de mando (10 efectivos)**

- 1 coronel (*nivel autonómico*)
- 4 capitáns (*nivel provincial*)
- 5 suboficiais (*nivel provincial*)

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña (46 efectivos)**

- A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 15 efectivos
- Santiago de Compostela: 7 efectivos
- Betanzos: 4 efectivos
- Carballo: 4 efectivos
- Arzúa: 2 efectivos
- Corcubión: 2 efectivos
- Muros: 2 efectivos
- Negreira: 2 efectivos
- Noia: 2 efectivos
- Ordes: 2 efectivos
- Ortigueira: 2 efectivos
- Padrón: 2 efectivos

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo (12 efectivos)**

- Becerreá: 2 efectivos
- Chantada: 2 efectivos
- Fonsagrada (A): 2 efectivos
- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense (16 efectivos)**

- Bande: 2 efectivos
- Barco de Valdeorras (O): 2 efectivos
- Carballiño (O): 2 efectivos
- Celanova: 2 efectivos
- Pobra de Trives (A): 2 efectivos
- Ribadavia: 2 efectivos
- Xinzo de Limia: 2 efectivos
- Verín: 2 efectivos.

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra (30 efectivos)**

- Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 6 efectivos
- Vigo (sede seccións da Audiencia Provincial): 2 efectivos
- Cambados: 4 efectivos
- Cangas: 4 efectivos
- Porriño (O): 4 efectivos
- Caldas de Reis: 2 efectivos

- Estrada (A): 2 efectivos
- Lalín: 2 efectivos
- Pontearreas: 2 efectivos
- Tui: 2 efectivos

## MEDIO AMBIENTE MELLORARÁ A CAPACIDADE HIDRÁULICA DO RÍO SOUTIÑO PARA SOLUCIONAR OS PROBLEMAS DE INUNDACIÓNS NO CONCELLO DE VALGA

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración, cuxo importe supera os 200.000 euros, entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Valga*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Valga para a execución das obras que se levarán a cabo para dar unha solución aos problemas de inundacións no concello de Valga, por mor do desbordamento do curso do río Soutiño. O importe desta mellora hidráulica elévase a 215.369 euros. O departamento que dirixe Agustín Hernández financiará o 100% desta obra.

Con esta actuación preténdese conseguir un incremento da capacidade hidráulica do río ao seu paso por este concello pontevedrés, debido á escasa cabida que presenta na actualidade. Desta obras derivarán beneficios directos tanto para o medio rural como para os habitantes da zona.

As obrigas do Concello de Valga consisten en aprobar o proxecto e sometelo á información pública durante un período de 20 días; poñer a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a execución das obras, e achegar os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo, así como as taxas, licenzas ou impostos; e por último, renunciar á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

Por outro lado, a Administración comprométese a asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio; contratar as obras –mediante o oportuno expediente- de acordo co proxecto e controlar, dirixir, executar e coordinar as actuacións necesarias para a execución do proxecto.

### **Razóns de oportunidade**

A Xunta de Galicia ten a obriga non só de garantir e asegurar a satisfacción do interese público, senón que esta satisfacción debe perseguir a obtención dunhas condicións de equilibrio no territorio da Comunidade. Para acadar estes obxectivos no Concello de Valga, resulta necesario solucionar os problemas no río Soutiño como consecuencia das enchentes que se producen en momentos de elevada pluviosidade. Estas obras darán servizo aos máis de 6.000 habitantes do municipio.

## A XUNTA INVESTIRÁ 3,5 DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN DEPÓSITO DE RETENCIÓN DE AUGAS PLUVIAIS EN MOLLAVAO, EN PONTEVEDRA, INCLUÍDO NO PLAN DE ACTUACIÓN PARA A ELIMINACIÓN DE VERTEDEURAS NAS RÍAS GALEGAS

- *Nestes momentos atópase en execución un convenio para obras de saneamento no rural do municipio pontevedrés por importe de 5,7 millóns de euros*
- *A Administración hidráulica de Galicia farase cargo da totalidade do financiamento en dúas anualidades, en 2009 realizará un investimento dun millón de euros, e no vindeiro exercicio investirá dous millóns e medio de euros*
- *Este acordo significa un importante beneficio tanto para os habitantes da zona como para o medio natural*
- *O concello de Pontevedra comprométese á posta a disposición dos terreos e os permisos necesarios, libres de cargas e gravames, así como a asumir a conservación e o mantemento das obras unha vez executadas e recibidas pola Administración Hidráulica*
- *Este convenio é consecuencia do compromiso de que o ambiente ten "prioridade absoluta" no deseño de todas as políticas, accións e actividades que se leven a cabo dende o Goberno galego*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá 3,5 millóns de euros na construción dun depósito de retención en Mollavao, no concello de Pontevedra, incluído no Plan de actuación para a eliminación de verteduras nas rías galegas. O Consello da Xunta ven de aprobar o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e o departamento que dirixe Agustín Hernández, concretamente coa Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

A Administración Hidráulica de Galicia farase cargo da totalidade do financiamento en dúas anualidades, polo que no ano 2009 realizará un investimento dun millón de euros e no vindeiro exercicio investirá dous millóns e medio de euros.

Este organismo, consciente dos problemas de saneamento e depuración detectados na zona, considera necesaria a execución dun plan de actuación co fin de minimizar e controlar as verteduras ao dominio público e solventar os problemas de contaminación microbiolóxica, tanto dende o punto de vista da normativa de moluscos coma da de augas de baño, reducindo os niveis de contaminación aos parámetros marcados pola normativa vixente.

### Situación actual

A cidade de Pontevedra conta na actualidade cunha extensa e ramificada rede de colectores de saneamento, na súa maior parte unitaria, que finalmente son interceptados por un colector xeral, que comeza bordeando o río Lérez e continúa



polo bordo costeiro da marxe esquerda da ría ata a estación depuradora de augas residuais (EDAR), situada no lugar dos Praceres, preto de Marín.

Este colector interceptor dispón de 5 bombas intermedios que, deseñadas para os caudais esperados de auga residual en tempo seco, non poden atender os enormes caudais pluviais que entran na rede en tempo de choiva, polo que acaba vertendo efluentes contaminados en puntos moi sensibles da ría e do centro urbano.

Esta problemática é común para moitos dos sistemas de saneamento dos núcleos habitados nas rías galegas e reduce, de modo importante, o rendemento das depuradoras.

Por todo isto, cómpre actuar nas redes de saneamento para mellorar a eficiencia de todo o sistema e xestionar adecuadamente as augas pluviais que se recollen.

### **Localización**

Co obxecto de controlar as augas pluviais e a fin de evitar verteduras no entorno do bombeo da avenida de Marín, unha das zonas máis sensibles da ría de Pontevedra, e ademais laminar as entradas de augas pluviais á EDAR, co obxecto de mellorar o seu funcionamento, faise prioritaria esta actuación no depósito de retención ou tanque de tormentas en Mollavao.

O punto elixido para a súa implantación é unha parcela, a 500 metros da EDAR, no lugar de Mollavao, xunto á autovía Pontevedra-Marín. O Concello de Pontevedra ten previsto habilitar esta parcela como área de aparcamento urbano en superficie, a cal se construírá en parte sobre o tanque de tormenta proxectado, resultando un uso compartido deste espazo.

O sistema proxectado consiste en interceptar o caudal circulante polo colector xeral, deixar pasar soamente o caudal que pode tratar a EDAR (650 l/s) e derivar o resto cara ao tanque.

O depósito constrúese totalmente enterrado e, nel o caudal deriva lateralmente, caendo nun tanque a distinto nivel. Unha vez remita o episodio de choiva, o volume almacenado no depósito será reintroducido o colector interceptor por bombeo. O tanque terá unhas dimensións interiores de 83,5 metros de lonxitude, 27,5 de largura e unha profundidade de 8,85 metros. Estará dividido en 4 seos para unha mellor adaptación aos diferentes sucesos de choiva.

### **Importantes beneficios**

Este acordo significa un importante beneficio tanto para os habitantes da zona como para o medio natural, polo que a Administración Hidráulica de Galicia pretende executar, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, estas actuacións. Para iso, o Concello de Pontevedra comprométese á posta a disposición

dos terreos e dos permisos necesarios, libres de cargas e gravames, así como a asumir a conservación e o mantemento das obras unha vez executadas e recibidas pola Administración Hidráulica.

Este convenio é consecuencia do compromiso de que o ambiente ten prioridade absoluta no deseño de todas as políticas, accións e actividades que se leven a cabo dende o departamento que dirixe Agustín Hernández. Por esta razón, estase a pór en marcha, de maneira inmediata, un plan de choque nas rías galegas que dea resposta rápida ás necesidades máis urxentes e sirva, ademais, para reactivación da economía e a creación de emprego.

### **Saneamento no rural**

Nestes momentos atópase en execución un convenio entre a Xunta e o Concello de Pontevedra para obras de saneamento no rural, por un importe de 5,7 millóns de euros, dos que 4 millóns achégaos o Goberno galego e 1,7 a administración municipal. Trátase dun total de 8 obras, 5 das cales están a ser executadas nestes momentos pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Todas as obras da Xunta son de construción de redes separativas de sumidoiros nas parroquias do concello de Pontevedra. Estes caudais incorporaranse na súa maior parte á EDAR de Placeres. En concreto, as parroquias beneficiadas son as de Tomeza, Lérez:, Cerponzóns, Mourente e Ponte Sampaio. Pola súa banda, o Concello de Pontevedra asume a construción de redes de sumidoiros nas parroquias de Alba, Campañó e Marcón.

Unha vez rematadas e postas en servizo estas actuacións, a Xunta de Galicia estudará unha segunda fase de obras de saneamento.

## A XUNTA INVESTIRÁ 302.000 EUROS NA MELLORA DAS VÍAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

- *O Consello da Xunta aprobou un convenio entre o IGVS e o Concello de San Cibrao para o financiamento e execución de obras de mellora no polígono industrial*
- *A achega do IGVS supón o 63% do custo total da actuación, que será contratada polo propio Concello*
- *No polígono industrial de San Cibrao das Viñas, o IGVS e Xestur Ourense ten investido case 10 millóns e medio de euros, dos que preto de 3 millóns destínanse á segunda fase da Central de Transportes, actualmente en execución*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello de San Cibrao das Viñas para a realización de obras de mellora das vías do polígono industrial situado no concello ourensán. O IGVS achegará 302.000 euros para a materialización desta obra, dun total de 478.903,61 euros que custará a actuación.

A Xunta de Galicia achegará a súa achega con cargo ás anualidades de 2009 (150.000 euros) e 2010 (152.000 euros), que supoñen o 63 por cento do investimento total. Os 176.903,6 euros restantes correrán por conta do Concello, en dúas anualidades da mesma contía.

O Concello tamén se encargará da contratación dos proxectos e das obras e dará conta disto ao IGVS por medio das correspondentes certificacións.

Nos últimos anos o polígono industrial de San Cibrao das Viñas experimentou un notable aumento da actividade industrial, o que supón un importante incremento de vehículos que circulan a diario polas súas estradas. Entre o 15 e o 20 por cento deste tráfico é de vehículos pesados, o que supón unha deterioración considerable e paulatina do firme das vías e da rede de servizos, debido tamén a unha deficiente consistencia da composición do subsolo. Así, resultan necesarias unha serie de reparacións, modificacións e limpeza nas vías de servizo, beirarrúas e rede de saneamento para así mellorar o funcionamento do tráfico.

O convenio aprobado polo Consello da Xunta recolle actuacións de movementos de terras, mellora e reposición de firmes nas vías, mellora das glorietas para evitar xiros bruscos dos transportes pesados, creación de beirarrúas nas zonas onde non existen, inspección e reparación da rede de colectores de augas pluviais e fecais, melloras nos pozos de rexistro de telefonía, saneamento, abastecemento de augas, telecomunicacións e electricidade e sinalización, balizamento e iluminación das vías.

### **Inversións no concello de San Cibrao**

No polígono industrial de San Cibrao das Viñas, o IGVS e Xestur Ourense ten investido case 10 millóns e medio de euros, dos que preto de 3 millóns destínanse á segunda fase da Central de Transportes, actualmente en execución.

Mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Industria e Comercio, a Deputación Provincial de Ourense, o concello de San Cibrao das Viñas e Xestión Urbanística de Ourense, S.A. leváronse a cabo diferentes obras de mellora de infraestruturas do polígono industrial de San Cibrao das Viñas, cun investimento total de 4.225.982,35 euros. Estas obras inclúen o remate do polígono e a súa conexión co parque Tecnolóxico de Galicia; cun presuposto de contrata de 1.499.285,20 euros.

Por outra banda, a Central de Transportes en Ourense no concello de San Cibrao das Viñas, nas proximidades do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, contou na súa primeira fase cunha inversión de 4.335.866,62 euros e 2.940.890,90 euros na segunda fase.

Ademais, na ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., Xestur Ourense realizará a expropiación dos terreos pendentes para a súa venda ao Parque Tecnolóxico.

## UN NOVO PROGRAMA DE AXUDAS DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA CASE 20 MILLÓNS DE EUROS Á INNOVACIÓN NAS EMPRESAS GALEGAS

- *O acordo establece a concesión de anticipos de até o 80% da axuda sen necesidade de presentación de garantías por parte dos beneficiarios*
- *Esta convocatoria contempla subvencións dirixidas a cinco tipos de accións: creación e consolidación de plataformas tecnolóxicas; realización de estudos de viabilidade; realización de proxectos de innovación; cofinanciamento de proxectos subvencionados con anterioridade en convocatorias estatais e internacionais e preparación de novos proxectos para a participación en convocatorias de axuda estatais e internacionais*

O Consello da Xunta vén de aprobar na súa xuntanza desta mañá o acordo polo que a Consellería de Economía e Industria pon en marcha un novo programa de axudas dotado com 19,7 millóns destinados á innovación empresarial. O acordo autoriza o establecemento de anticipos de até o 80% do importe da subvención, sen necesidade de presentación de garantías por parte dos beneficiarios, no marco da convocatoria para o Fomento da Investigación e a Innovación Empresarial. O obxectivo desta convocatoria, que se enmarca no Plan galego de I+D+i 2006-2010 (incite), é incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa.

A razón pola que se abre a posibilidade de conceder anticipos sen necesidade de que as entidades presenten garantías a favor da Xunta de Galicia é para resolver as dificultades de financiamento que teñen tanto as empresas como os demais organismos beneficiarios para adiantar as cantidades necesarias para o desenvolvemento das accións financiadas, máxime no contexto de crise económica actual. Ademais, tendo en conta o rigoroso sistema de seguimento e control da execución das accións subvencionadas, faise innecesaria a esixencia de garantías.

Esta convocatoria dispón dunha dotación orzamentaria total de 19.700.000 euros destinados a apoiar cinco tipos de accións: realización de estudos de viabilidade técnica de carácter preparatorio para as actividades de I+D+i; desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial em materia de proceso, organización, xestión e produción; cofinanciamento de proxectos de I+D+i subvencionados con anterioridade por convocatorias estatais e internacionais; preparación de novos proxectos para a participación noutras convocatorias de axuda estatais e internacionais e, por último, creación e consolidación de plataformas tecnolóxicas.

### **Creación e consolidación de plataformas tecnolóxicas**

A convocatoria de Fomento da Investigación e da Innovación Empresarial inclúe a concesión de axudas a centros tecnolóxicos e clusters empresariais galegos para a creación e consolidación das plataformas tecnolóxicas galegas. As plataformas tecnolóxicas son agrupacións de entidades co obxectivo de impulsar a competitividade dos sectores chave para a economía galega a través da colaboración entre os axentes do Sistema de Innovación e a integración de actuacións. As plataformas tecnolóxicas son as encargadas de definir e implementar as axendas estratéxicas de investigación dos seus sectores, así como facilitar e xerar grandes proxectos colaborativos.

Dentro desta liña de financiamento establécense tres fases. A primeira fase é a de creación de plataformas, co fin de planificar a investigación a medio e longo prazo en sectores estratéxicos para a economía galega nos que as sinerxías xurdidas entre empresas, centros de investigación, universidades e centros tecnolóxicos poidan incrementar a capacidade innovadora e situar a Galicia como un polo tecnolóxico estratéxico a nivel estatal e europeo. A contía máxima neste caso é de 90.000 euros. A segunda fase contempla o inicio do período de consolidación que coincide co 2º ano de funcionamento da plataforma. Neste caso finánciense gastos de desenvolvemento da plataforma até un máximo de 150.000 euros para facilitar a súa consolidación co obxectivo final de promover a realización de actuacións encamiñadas a procurar o desenvolvemento de proxectos de cooperación no marco destas estruturas que supoñan a participación en programas estatais e internacionais de I+D+i das empresas e entidades adheridas a ela. Por último, inclúese unha segunda fase de consolidación, baixo a fórmula de contratos programas, na que se premia e estimula ás plataformas que superaron as fases anteriores con axudas segundo resultados cun mínimo inicial de 150.000 euros, cantidade que pode aumentar ou diminuír en función da consecución ou non dos obxectivos propostos. Os gastos subvencionables inclúen persoal, consultoría e servizos externos e gastos suplementarios.

### **Apoiar a innovación nas empresas galegas**

Para as empresas pequenas e medianas (INNOVAPEME) e grandes (INNOVAMAIS) contéplanse catro liñas de financiamento: para a realización de estudos de viabilidade técnica de carácter preparatorio para as actividades de I+D+i; para o desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial en materia de proceso e organización; para a preparación de proxectos que se presenten a convocatorias de axudas estatais ou internacionais e para cofinanciar aqueles proxectos non rematados e que xa foron obxecto de axuda ao abeiro de convocatorias estatais ou internacionais e para dotación de laboratorios ou departamentos de I+D.

Unha das principais liñas do Programa de Fomento da Investigación e da Innovación Empresarial é para a realización de proxectos de innovación empresarial. Trátase de impulsar non só as innovacións tecnolóxicas de proceso ou produto, senón tamén a

implementación de técnicas de xestión da produción, técnicas de mercadotecnia ou técnicas loxísticas innovadoras.

Os proxectos que se subvencionen poden estar ao cargo dunha soa empresa ou facerse en colaboración. No caso de grandes empresas, esíxese que no proxecto en colaboración participe unha ou máis pemes e que a contribución conxunta destas pemes ao custo subvencionable do proxecto sexa polo menos dun 30%. No caso dos proxectos individuais, soamente poden ser solicitados por empresas de tamaño pequeno ou mediano e o custo mínimo do proxecto a subvencionar debe ser de 90.000 euros. Nos proxectos en colaboración, esta cantidade ascende a 150.000 euros.

Os gastos subvencionables inclúen persoal técnico propio e adicional, material inventariable e funxible, servizos tecnolóxicos e consultorías externas, gastos de viaxe e outros gastos, sendo a contía máxima da axuda de até o 35% do custo subvencionable para pequenas empresas, do 25% para empresas medianas e do 15% para grandes empresas.

A Consellaría financia ademais a realización de estudos de viabilidade destinados á adquisición de coñecementos que poidan resultar de utilidade para garantir a creación ou mellora de produtos, procesos ou servizos, a través da realización posterior dun proxecto. Os gastos subvencionables abarcan conceptos como gastos de persoal, de consultoría e servizos externos e outros gastos suplementarios. O custo mínimo do proxecto é de 9.000 euros e o máximo de 30.000 euros, cunha porcentaxe de subvención para pequenas e medianas empresas de até o 50% do custo subvencionable e do 40% para grandes empresas.

Dentro desta convocatoria inclúense ademais axudas para o cofinanciamento de proxectos subvencionados con anterioridade noutras convocatorias de axuda estatais e internacionais. O obxectivo é incrementar a participación das empresas galegas en proxectos estatais e internacionais promovendo accións que faciliten a presenza das nosas empresas en actividades financiadas por outros organismos para asegurar os adecuados retornos científicos, tecnolóxicos e industriais. As axudas non poderán exceder os 500.000 euros.

Para completar esta modalidade, inclúense subvencións para a preparación de novos proxectos que se presenten a convocatorias de axuda de programas estatais ou internacionais (Programa Marco, Programas de innovación da UE, Eureka, Iberoeka, CDTI, PROFIT, etc.). Establécense uns límites de custo subvencionable máximo de 18.000 euros para a participación en convocatorias de programas internacionais e do Programa Nacional Cenit e equivalentes, e de 6.000 euros para a os demais programas.



## ECONOMÍA E INDUSTRIA E A DDI IMPULSARÁN UN PROGRAMA ORIENTADO A INTEGRAR O DESEÑO E A INNOVACIÓN COMO ESTRATEXIAS DE COMPETITIVIDADE NAS PEMES GALEGAS

- *O Programa "adñ", que dispón dun orzamento de 1,7 millóns de euros, incluírá accións de promoción e itinerarios cara ao deseño e a innovación que consistirán en intervencións directas para concienciar ás empresas participantes e ofrecerlles accións prácticas que poden incluír desde diagnósticos de situación ata o deseño dun produto innovador*

A difusión e a integración dos valores do deseño e a innovación como elementos de competitividade, así como a intervención nun conxunto de empresas galegas para materializar estratexias e o deseño de novos produtos, son os obxectivos do Programa de Promoción do deseño entre as PEME denominado *adñ*. Este programa vaíse impulsar en Galicia ao amparo dun convenio, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Sociedade Estatal para o Deseño e a Innovación (DDI).

Segundo o convenio que acaba de ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia, ao Igape, dependente da Consellería de Economía e Industria, corresponderalle o 15% da achega (259.525,50 euros). O programa de impulso do deseño nos novos produtos desenvolverase en Galicia durante 2009 e 2010, cun orzamento global de 1,7 millóns de euros, dentro do Programa Operativo Plurirrexional de Investigación, Desenvolvemento e Innovación por e para o beneficio das empresas (2007-2013) na Comunidade Autónoma de Galicia.

As iniciativas amparadas por este marco de colaboración, destinado a procurar que os empresarios galegos poidan integrar o deseño e a innovación como estratexia competitiva, poden ser accións de promoción ou itinerarios cara ao deseño e á innovación. As accións de promoción consistirán en xornadas, seminarios, eventos e ferramentas web dirixidos a difundir e promover o valor do deseño como estratexia de competitividade das pemes. A primeira das accións impulsadas neste ámbito entre a DDI e o Igape foi o *I Foro de Deseño para a Innovación en Galicia*, que se desenvolveu o 9 de xuño pasado, en Santiago, organizado pola *Asociación para o Progreso da Dirección* (APD).

Os itinerarios cara ao deseño e á innovación consistirán en intervencións directas nas empresas para conciencialas da importancia de considerar a innovación e o deseño como actividades estratéxicas e ofrecerlles, ao tempo, a posibilidade da súa integración efectiva a través da aprendizaxe e de accións prácticas; constitúen accións de apoio integral á empresa que inclúen diagnóstico da súa situación,



planificación estratéxica, deseño dun produto innovado e creación dun sistema para a xestión da innovación e o deseño na empresa.

## **SANIDADE DESTINA ARREDOR DE 65.000 EUROS A UN CONVENIO COA CRUZ VERMELLA PARA A PREVENCIÓN DA VIH/SIDA E DA TUBERCULOSE**

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Cruz Vermella para a prevención da VIH/sida e doutras infeccións de transmisión sexual, do Programa galego de prevención e control da tuberculose, así como do programa de vacinacións nas persoas usuarias dos diferentes programas cos que conta a Cruz Vermella.

En concreto, a Sanidade pública galega achegará un total de 64.960 euros a este convenio. O obxectivo é contribuír á prevención e o control da epidemia do VIH/sida e doutras enfermidades transmisibles nos usuarios de drogas inxectables, nas persoas que exercen a prostitución, nas súas parellas e nos seus fillos, e destes colectivos cara aos demais membros da sociedade. Tamén é prioritario para este convenio aumentar a cobertura do Programa de prevención e control da tuberculose en Galicia.

No contexto deste convenio, a Cruz Vermella desenvolverá diferentes actividades como a recolla en contedores apropiados das xiringas utilizadas polos usuarios de drogas inxectables e a súa troca gratuíta por outras estériles, e, tamén, a distribución gratuíta de preservativos para os usuarios de drogas inxectables e poboación que exerza a prostitución e o seu contorno. Ademais de medios preventivos, distribuirase información e promoción do seu correcto uso, e tamén material informativo escrito sobre a prevención das infeccións como VIH e outras enfermidades transmisibles.

Outras actuacións das que se encargará a Cruz Vermella serán as de revisar e actualizar os calendarios de vacinación destes colectivos, a remisión ou acompañamento á Unidade de Tuberculose para a realización das probas de diagnose e o seguimento do tratamento, ou a realización entre os usuarios destes servizos de estudos epidemiolóxicos que se planifiquen para os colectivos de usuarios de drogas inxectables e prostitución seguindo indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.

A Consellería de Sanidade, ademais do orzamento de arredor de 65.000 euros, facilitará o material para a realización do intercambio de xiringas (paquetes preventivos e colectores) e tamén de preservativos.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O PAGAMENTO PLURIANUAL DE 31 BOLSAS DE FORMACIÓN EN BIBLIOTECONOMÍA CUNHA CONTÍA TOTAL DE 184.450 EUROS

O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso de gasto plurianual asociado á orde da Consellería de Cultura e Deporte do 1 de abril do 2009, polo que se establecen as bases reguladoras e se convocan 31 bolsas de formación en biblioteconomía cun importe total de 184.450 euros. Debido á tardanza na recepción da documentación e co obxecto de garantir os dereitos dos solicitantes para poder realizar unha análise e avaliación das solicitudes co tempo suficiente, o trámite alongouse no tempo e imposibilitou que os bolseiros puideran comezar no mes de xuño de 2009 como estaba previsto.

As bolsas terán unha duración total de sete meses, contados a partir da data de incorporación dos bolseiros, e poderán ser prorrogadas dependendo do informe favorable do responsable titorial e mais da existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento. O cómputo dos sete meses abrangue desde o mes de agosto de 2009 ata o mes de febreiro de 2010. O gasto para facer fronte aos compromisos derivados da antedita orde será plurianual e precisou ademais dun reaxuste de anualidades, queda repartido o importe total en 131.750 euros no exercicio de 2009 e 52.700 euros no exercicio de 2010.

A función deste programa é o desenvolvemento dunha colaboración titorada en diversos centros bibliotecarios, a través da realización de prácticas onde recibirán formación en diferentes áreas e o contacto diario e directo cos beneficiarios, podendo traballar nos problemas e demandas reais dunha biblioteca ou centro de documentación.

## A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 2,1 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DAS TICS NO ÁMBITO DA XUSTIZA NO PERÍODO 2009-2010

- *O Consello da Xunta analizou hoxe o Plan de medidas urxentes no ámbito de xustiza que busca establecer liñas de dinamización dos actuais sistemas, garantir a continuidade e a dispoñibilidade do servizo e a racionalización de custos*
- *O plan, que está estruturado en catro eixes de actuación, elaborouse coa participación dos usuarios da Administración de xustiza por ser eles os que mellor coñecen os problemas actuais e as necesidades futuras*
- *A iniciativa tamén recolle a elaboración dun plan integral de sistemas de información para a Administración de xustiza que permita establecer o marco xeral e as actuacións concretas que se realizarán para avanzar nas liñas de modernización*
- *Crearanse grupos de traballo en que participarán representantes da Administración de xustiza, da Xunta de Galicia e dos colexios profesionais*

O Consello da Xunta analizou hoxe o Plan de medidas urxentes no ámbito da xustiza con que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pretende abordar as actuacións, a problemática e as necesidades relativas ás técnicas e medios electrónicos, aos sistemas informáticos e ás telecomunicacións necesarias para a modernización da xustiza en Galicia. Deste xeito, o Executivo galego porá en marcha este plan co obxectivo último de establecer diversas liñas de dinamización dos sistemas actuais na Administración de xustiza, garantir a continuidade e a dispoñibilidade do servizo e tamén a racionalización dos custos.

Así, segundo se recolle nun informe elevado hoxe ao Consello da Xunta, o Plan TIC de medidas urxentes no ámbito da Administración de xustiza en Galicia recolle un investimento de 2.153.000 euros para o período 2009-2010. O proxecto estrutúrase en catro liñas de actuación: a finalización dos procesos de implantación que xa estaban iniciados irá acompañada dunha análise detallada das carencias que estes sistemas presentan; a seguridade; a estabilidade e continuidade dos servizos actuais, tanto a nivel de infraestruturas como de servizo de soporte en relación cos usuarios; e a dinamización e o uso axeitado dos sistemas de información.

### **Os catro eixes de actuación**

No eido da finalización de procesos de posta en marcha de sistemas de información, a Xunta traballa na análise detallada das carencias que formula o programa Minerva, como ferramenta troncal da xestión procesual; a implantación do uso de Lexnet, como ferramenta esencial para a interconexión entre os principais aplicativos da Oficina Xudicial, xa que a súa implementación permitirá axilizar sensiblemente a actividade diaria dos órganos xudiciais; a renovación e ampliación dos sistemas de

captación, xestión e comunicación da información audiovisual; e a finalización da implantación do programa de Rexistro Civil en liña (Inforeg) nos xulgados de Paz.

Co obxectivo de garantir a estabilidade e a continuidade dos servizos actuais, a Xunta adecuará a rede de comunicacións, subrede de xustiza, incrementando o largo de banda para as instalacións que así o requiran. Ademais, levará a cabo unha auditoría dos centros de proceso de datos actuais e unha análise de viabilidade de concentración de infraestruturas para mellorar as medidas de seguridade, garantir a alta dispoñibilidade dos recursos e diminuír os seus custos de mantemento. De igual xeito, procederá á definición dun plan de renovación progresivo da plataforma ofimática para evitar que quede obsoleta.

Na liña de garantir a estabilidade e continuidade do servizo é de especial importancia a adecuación das medidas organizativas para garantir os niveis de soporte adecuado aos usuarios dos sistemas de información, así como o seguimento preciso dos procesos de implantación.

No eido da seguridade, o obxectivo é regularizar a situación e adecuala á lexislación vixente en materia de protección de datos, ademais de adoptar as medidas físicas requiridas nos centros de procesamento de datos.

En canto á dinamización e ao uso axeitado de sistemas de información, o cuarto dos eixes do Plan TIC de medidas urxentes no ámbito da Administración de xustiza en Galicia, o Goberno galego realizará unha análise pormenorizada de adecuación dos sistemas actuais, deseñará plans formativos e de difusión requiridos para o uso das ferramentas e dos sistemas de información e fará un seguimento do uso axeitado dos sistemas co fin de establecer accións correctivas sobre el.

### **Plan de sistemas de xustiza**

A actuación fundamental que se inicia dentro deste plan de medidas urxentes é, a elaboración dun plan integral de sistemas de información no ámbito da Administración de xustiza en Galicia. Este plan abordará unha análise integral da situación actual en canto á adecuación dos sistemas dispoñibles ás necesidades reais, encargarse de definir o modelo marco de sistemas de información da Administración de xustiza e formulará unha evolución dos sistemas en función das posibilidades reais (tecnolóxicas, económicas e organizativas), definirá o calendario global de proxectos necesarios para acadar o escenario obxectivo, priorizando cada iniciativa, estimando o esforzo en custo e recursos e identificando os fitos e produtos intermedios.

O plan de sistemas deberá dar resposta aos requirimentos que formulan, entre outros, a posta en marcha da nova Oficina Xudicial, a configuración do expediente electrónico xudicial, a necesidade de interconexión efectiva entre todos os participantes na Administración de xustiza, a necesidade de interconexión entre todas

as comunidades autónomas, a adecuación á normativa vixente na materia como a protección de datos, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, etc.

### **Grupo de traballo**

Tanto na elaboración do plan de sistemas como no plan de medidas urxentes o Goberno galego considera fundamental a participación dos usuarios da Administración de xustiza, por ser eles os que mellor coñecen os problemas actuais así como as necesidades futuras. Por iso, a elaboración de ambos os plans, está a levarse a cabo a través de grupos de traballo nos que están a participar representantes da Administración de xustiza, da propia Xunta de Galicia e dos colexios profesionais.

## UN INFORME DE PRESIDENCIA ADVIRTE DA NECESIDADE DE COMPLETAR O CADRO DE PERSOAL DA POLICÍA AUTONÓMICA PARA AFRONTAR CON GARANTÍAS TODAS AS SÚAS COMPETENCIAS

- *A Unidade de Policía Adscrita a Galicia tiña unha previsión de 500 postos de traballo e na actualidade só conta con 390 efectivos*
- *O corpo ten competencia en materias como loita contra incendios, control do furtivismo, menores e urbanismo*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe presentado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sobre a situación da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma galega, no cal se advirte de que é necesario completar o cadro de persoal de 500 efectivos para poder facer fronte con garantías a todas as competencias que ten atribuídas a coñecida como Policía autonómica.

A previsión cando se creou a Unidade de Policía Adscrita a Galicia era que contase cun total de 500 postos de traballo, aínda que na actualidade só dispón de 390 efectivos, dos cales 60 están en comisión de servizo. Os propios sindicatos policiais denunciaron esta semana a situación deficitaria da Policía autonómica e as dificultades para prestar servizos con garantías con esas carencias de persoal.

Nese sentido, o conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, xa enviou unha carta ao ministro do Interior, Alfredo Pérez Rubalcaba, en que se solicita unha reunión para pedirlle que coa maior urxencia convoque un concurso para cubrir as máis de 100 vacantes pendentes e para negociar a renovación do acordo administrativo para financiar a Policía Autonómica, vencido desde outubro do pasado ano 2008.

O informe, elaborado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, destaca que ampliar aos 500 efectivos previstos a dotación da Policía autonómica permitiría destinar 50 membros a cada unha das sedes existentes e incluso a creación de dúas novas sedes para completar o despregamento da unidade adscrita, concretamente na zona sur de Ourense e na Mariña lucense.

Esta dotación de medio milleiro de policías tamén permitiría desenvolver con garantías e efectividade as cuestións máis sensibles, entre as que o documento cita a loita contra os incendios forestais e o apoio á inspección pesqueira e ao control do furtivismo. Ademais destas, a unidade tamén ten competencias en protección e seguridade, ambiente, menores, urbanismo, patrimonio cultural, riscos laborais e xogo, entre outras.

## A XUNTA CONSTRUIRÁ EN PONTEVEDRA UN HOSPITAL CON VISIÓN DE FUTURO, CON POSIBILIDADE DE CRECEMENTO, MODULAR E SUSTENTABLE

- *Crearase un centro que dea resposta ás expectativas dos pacientes da área sanitaria, pero tamén dos profesionais*
- *Para levar adiante este proxecto, a Xunta considera imprescindible dispor dos terreos correspondentes ou do financiamento por parte do Concello*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe ao Consello da Xunta sobre a decisión do departamento que dirixe de construír un hospital en Pontevedra con visión de futuro, con flexibilidade e posibilidade de crecemento e que estea adaptado ás exixencias actuais de deseño arquitectónico hospitalario e de eficiencia enerxética e calidade ambiental, é dicir, que sexa modular e sustentable.

O prazo de construción non será superior ao que fora proposto para a ampliación do actual Hospital de Montecelo –de 66 meses–, e as primeiras estimacións do proxecto indican que o seu custo será duns 180 millóns de euros.

No que se refire ao seu financiamento, prevense as mesmas alternativas que estaba a estudar o goberno anterior. Así, inicialmente o Sergas conta con 3,1 millóns de euros para a expropiación de terreos, aos que hai que engadir 4 millóns que ten en reserva de crédito o Concello de Pontevedra.

Neste momento, das propostas de situación, a localización máis axeitada para o novo centro está situada en Monte Carrasco, na parroquia de Marcón, cunha superficie dunhas vinte hectáreas, que conta cunha topografía aceptable para o uso previsto e ao cal se pode dotar dos servizos urbanísticos necesarios. Ademais, o Plan Xeral vixente non protexe especialmente estes terreos –que cualifica como chan rústico forestal e, en parte, para equipamento deportivo– e a súa propiedade corresponde á Comunidade de Montes de Marcón e a pequenos propietarios particulares.

Todo isto permitiría construír un hospital modular cunha estrutura máis flexible, con capacidade de expansión e cunha maior adecuación á necesidade asistencial actual. Así, poderíanse incorporar solucións máis modernas, tanto arquitectónicas como a nivel de enxeñaría, obtendo un hospital cunha maior vida útil, máis integrado co contorno e menos agresivo co ambiente. Así se conseguiría un hospital que dea resposta ás expectativas dos pacientes da área sanitaria, pero tamén dos profesionais.

Para levar adiante este proxecto, a Xunta considera imprescindible dispor dos terreos correspondentes ou do financiamento por parte do Concello, que garantan a posibilidade de realizar un investimento destas características en tempo e forma. Sen



a participación do resto das administracións volveríase a situacións de incerteza temporal que poderían atrasar este proxecto, que o Executivo autonómico considera estratéxico.

### **Deficiencias do proxecto de ampliación**

O informe presentado pola conselleira fai referencia así mesmo aos problemas de deseño que suporía o anterior proxecto, de ampliación do Hospital de Montecelo. Indicou que este conta con limitacións estruturais como consecuencia da cubicación do devandito hospital, xa que esta imposibilita un proxecto que non leve consigo a remodelación, actualización ou destrución de actuacións realizadas hai cinco anos.

Así, amosa problemas nos seus posibles accesos e no seu deseño, xa que o modelo arquitectónico, ríxido e sen posibilidade de adaptación a novas necesidades, supón derrubar parte das melloras levadas a cabo nas fases II e III. No que se refire á construción das instalacións, a convivencia das obras coa actividade asistencial podería crear riscos de contaminación e de impacto no centro e a necesidade de realizar obras de adaptación intermedia, non valoradas nin orzadas polo anterior Executivo.

## A LEI DE PESCA DE GALICIA MANTERÁ O RÉXIME XURÍDICO DAS CONFRARÍAS

- *O articulado busca o consenso e a adecuación á realidade e ás demandas do sector*
- *Mar modificará o cómputo do período concesional das bateas para garantirle ao sector o mantemento da súa actividade*
- *O novo regulamento recupera o Permex como título para exercer a actividade extractiva*

A Consellería do Mar informou ao Consello da Xunta do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, que abarca a modificación de 82 aspectos do texto da normativa, coa finalidade de adecuarse á realidade e ás demandas do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola e de acadar o seu respaldo unánime e seu consenso. O articulado incide de maneira especial en darlle solidez e validez ás confrarías, na modificación do cómputo do período concesional das bateas, e na recuperación da figura do Permex.

Así, manterase o réxime xurídico regulador existente con anterioridade á promulgación da Lei 11/2008 a respecto das confrarías de pescadores, xa que “a súa relevancia, a súa organización así como a súa eficacia e eficiencia demostradas” son razóns suficientes para manter o seu réxime xurídico diferenciado, complementario e coordinado. Do mesmo xeito, propón que o Servizo de Gardacostas e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR) continúen tendo o seu propio marco xurídico, para evitar as complicacións e ineficiencias administrativas que suporía a súa extinción como entes de dereito público.

A nova Lei de Pesca modificará o cómputo do período concesional das bateas para garantirle a este sector o mantemento da súa actividade e contribuír á mellora da súa competitividade. En materia de acuicultura mariña, incorporará un novo procedemento para outorgar novas concesións no caso de extinción por vencemento do prazo, máis áxil e sinxelo, mais tamén presidido polos principios de obxectividade, publicidade e concorrencia.

O novo regulamento recupera o permiso de explotación (*permex*) como título administrativo habilitante para o exercicio da actividade extractiva. Os *permex* serán expedidos especificamente para artes ou zonas determinadas e poderán ser estacionalmente alternantes. Terán validez durante a vida útil da embarcación, sempre que esta reúna as condicións sobre navegabilidade, frotabilidade e seguridade.

A futura normativa introduce un precepto dedicado ao Comité Científico Galego da pesca como órgano de consulta e asesoramento científico e técnico da Xunta de Galicia nos asuntos relacionados coa xestión dos recursos mariños.

O texto plasma a obriga da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de levar a cabo a defensa da flota galega cando faene en augas que non sexan da súa competencia, co fin de manter a súa actividade e o seu nivel de puxanza e achega ao cómputo pesqueiro galego.

Outra das novidades é a supresión da Axencia de Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Pesca, prevista na Lei e aínda non desenvolvida, en tanto que os seus fins poden ser acadados mediante a estrutura da Consellería do Mar, coordinando de forma directa e efectiva os seus propios recursos e as medidas e accións a desenvolver nas poboacións costeiras.

Por último, ordena con claridade as actuacións de modernización e reconversión da flota, e contéplanse, seguindo o criterio de equilibrio entre o eido ambiental, económico e social as medidas de adecuación da flota ao estado dos recursos.

O obxectivo desta actuación, que responde a un compromiso do novo goberno, é reformar a lei para dotala de operatividade, modernidade e firmeza e mellorar aqueles aspectos do articulado redactado polo anterior executivo cos que o sector estaba desconforme.

A Consellería do Mar estima que o novo texto modificado poida estar no Parlamento en setembro e dispor da nova Lei de modificación no mes de decembro do presente ano.